

previa ou simultaneamente á aprobación do folleto. Tales documentos deberán, ben ter sido aprobados pola CNMV ou depositados nela, de conformidade co disposto no real decreto, en particular no artigo 15 que regula a remisión de información anual, ou ben ter sido aprobados por, ou depositados en, a autoridade competente doutro Estado membro da Unión Europea sempre que se trate do Estado de orixe do emisor. Esta información deberá ser a última de que dispoña o emisor.

2. Cando se incorpore información por referencia, débese proporcionar unha lista de referencias cruzadas que lles permita aos investidores identificaren facilmente elementos específicos da información.

3. O resumo non conterá información por referencia.

**Disposición transitoria primeira. Incorporación por referencia de información contida en folletos aprobados con anterioridade á entrada en vigor da orde.**

Os folletos informativos que se aproben tras a entrada en vigor desta orde poderán incorporar por referencia información contida en folletos informativos aprobados pola CNMV de conformidade coa Directiva 2001/34/CE con anterioridade á dita data.

**Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio dos modelos de folletos.**

1. Mentres que a CNMV non elabore os modelos de folletos a que se deben axustar as ofertas públicas de venda ou subscrición e as admisións a negociación dos valores excluídos do ámbito de aplicación da Directiva 2003/71/CE, o folleto deberá conter a información exixida polos esquemas e modelos incluídos no Regulamento 809/2004 da Comisión Europea que, atendendo á natureza do emisor e dos valores, determinen en cada caso a CNMV.

2. Mentres que a CNMV non elabore os modelos de folletos para as ofertas públicas de venda ou subscrición e as admisións a negociación de obrigas de pagamento con vencemento inferior a doce meses, a información relativa ao emisor, cando esta se requira, deberase proporcionar de conformidade cos modelos contidos no Regulamento 809/2004 da Comisión Europea ou na Orde do 12 de xullo de 1993, sobre folletos informativos e outros desenvolvementos do Real decreto 291/1992, do 27 de marzo, sobre emisións e ofertas públicas de venda de valores, e na Circular 2/1999, do 22 de abril, da CNMV, pola cal se aproban determinados modelos de folletos de utilización en emisións ou ofertas públicas de valores. A información relativa ao programa de obrigas de pagamento deberase axustar ao disposto no anexo V ou no anexo XIII do Regulamento 809/2004, da Comisión Europea ou aos modelos contidos na citada Circular 2/1999.

3. Así mesmo, mentres que a CNMV non elabore os modelos de folletos para as ofertas públicas de venda ou subscrición dos contratos financeiros a prazo a que se refire a alínea b) do artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, o folleto deberá conter a información exixida pola Circular 2/1999, do 22 de abril, da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

**Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.**

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde. Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria segunda desta orde, derróganse, en particular:

A Orde do 12 de xullo de 1993, sobre folletos informativos e outros desenvolvementos do Real decreto 291/1992, do 27 de marzo, sobre emisións e ofertas públicas de venda de valores.

A Circular 2/1999, do 22 de abril, da CNMV, pola cal se aproban determinados modelos de folletos de utilización en emisións ou ofertas públicas de valores.

**Disposición derradeira primeira. Incorporación de dereito da UE.**

Mediante esta orde incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2003/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de novembro de 2003, sobre o folleto que se debe publicar en caso de oferta pública ou admisión a cotización de valores.

**Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.**

Esta norma entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de novembro de 2005.

SOLBES MIRA

Sr. Presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Sra. Directora Xeral do Tesouro e Política Financeira.

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**18865** *ORDE APA/3553/2005, do 15 de novembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria. («BOE» 275, do 17-11-2005.)*

A gripe ou influenza aviaria altamente patóxena é unha enfermidade infecciosa das aves, incluída na lista do Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal, causada por cepas A do virus da gripe. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria, que traspón a Directiva do Consello 92/40/CEE, do 19 de maio, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a influenza aviaria.

Dos distintos subtipos do virus da gripe aviaria, a cepa H5N1 é especialmente virulenta polo que, a raíz dos abrochos da devandita cepa que se iniciaron no sueste asiático en decembro de 2003, a Comisión Europea adoptou varias decisións para evitar a introdución desta enfermidade na Comunidade desde os países terceiros afectados. Recentemente, as medidas víronse reforzadas e ampliadas tras a confirmación en Turquía e Romanía de gripe aviaria altamente patóxena causada polo subtipo H5N1 do virus A da gripe, mediante diversas decisións comunitarias, a última das cales é a Decisión 2005/760/CE, da Comisión, do 27 de outubro de 2005, sobre determinadas medidas de protección en relación coa gripe aviaria altamente patóxena en determinados países terceiros, con vistas á importación de aves en cativeiro.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no seu artigo 8.1, dispón que, para previr a difusión no territorio nacional de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria previstas no Código Zoonosario Internacional da Oficina Internacional de Epizootias ou na normativa nacional ou comunitaria, en especial daquelas de alta difusión, ou para previr a extensión de tales enfermidades en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados ou de grave risco sanitario, a Administración xeral do Estado poderá adoptar todas aquelas medidas preventivas que sexan precisas.

De acordo co exposto, é urxente adoptar medidas específicas respecto da gripe aviaria, e en especial para evitar o contacto directo e indirecto entre aves silvestres, e en particular entre aves acuáticas, por unha parte, e aves de curral por outra. Así mesmo, é preciso definir e establecer as zonas de especial risco de introdución da gripe aviaria, en que se tomarán especiais medidas de bioseguridade, e establecer as actuacións procedentes nos parques zoolóxicos, en aplicación da vixente normativa comunitaria.

Esta norma dítase ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei de sanidade animal e na disposición derradeira primeira do Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria.

Na súa virtude, dispoño:

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto da presente orde é establecer medidas específicas de protección contra a influenza aviaria, de aplicación a todo o territorio nacional.

#### Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde, serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no artigo 2 do Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria e no artigo 2 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

2. Para efectos da presente orde, entenderase por:

a) «Aves de curral»: todas as aves que se crían ou teñen en cativeiro para producir carne, ovos para incubar e ovos destinados ao consumo, así como para producir outros produtos comerciais, repoñer as existencias de caza ou para a reprodución destas categorías de aves.

b) «Aves silvestres»: as aves que viven en liberdade e non en explotación.

c) «Outras aves en cativeiro»: calquera ave distinta das de curral, que se teñen en cativeiro para mostras, carreiras, exposicións e competición, como as aves ornamentais e as pombas de competición, ou por outras razóns distintas das expostas na letra a).

d) «Parque zoolóxico»: todo establecemento permanente onde se manteñan animais de especies silvestres para a súa exposición ao público durante sete ou máis días ao ano, con excepción dos circos e as tendas de animais; ou un organismo, instituto ou centro oficialmente autorizado segundo se definen no artigo 2.1.c) do Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, polo que se establece as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións procedentes de países terceiros de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás disposicións contidas na Sección I do Anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro.

#### Artigo 3. *Factores de especial risco.*

1. Considéranse factores de risco de introdución da influenza aviaria os seguintes:

a) Existencia de datos de recuperacións de aves procedentes de zonas en que se declararon focos de enfermidade ou doutras zonas consideradas de especial risco.

b) Densidade media elevada de aves migratorias nas zonas húmidas.

c) Densidade elevada de explotacións de aves de curral próximas a zonas húmidas, estanques, pantanos, lagos ou ríos onde as aves migratorias se poidan reunir.

d) Imposibilidade ou dificultade de evitar suficientemente o contacto entre as aves de curral ou outras aves en cativeiro e as aves silvestres.

2. Tendo en conta estes factores, considéranse como zonas de especial risco de introdución da influenza aviaria as zonas húmidas que figuran no anexo I.

Os municipios cuxo territorio ou parte del se encontre asentado nun raio de 10 quilómetros ao redor das devanditas zonas húmidas figuran no anexo II.

#### Artigo 4. *Medidas de bioseguridade.*

1. Co fin de limitar o contacto de aves silvestres con aves de curral e outras aves en cativeiro, queda prohibido en todo o territorio nacional:

a) A utilización de paxaros das ordes «Anseriformes» e «Charadriiformes» como reclamo durante a caza de aves.

b) A presenza de aves de curral e outro tipo de aves en cativeiro nos centros de concentración de animais definidos no artigo 3.7 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal incluíndo os certames gandeiros, mostras, exhibicións e celebracións culturais, así como en calquera concentración de aves de curral e outro tipo de aves en cativeiro ao aire libre, incluíndo a ceiba de pombas. A este respecto, non se considerarán como aves en cativeiro as aves mantidas nun establecemento autorizado para a súa venda a particulares como ave de compañía, nin aquelas aves de curral mantidas nun establecemento comercial para a súa posterior venda polo miúdo a particulares.

Non obstante, a autoridade competente da Comunidade Autónoma en materia de sanidade animal poderá autorizar a concentración de aves de curral e outras aves en cativeiro sempre que se efectúe unha avaliación do risco que dea un resultado favorable.

2. En todos aqueles municipios incluídos no anexo II da presente orde levaranse a cabo as seguintes actuacións:

a) Queda prohibida a cría de patos e gansos con outras especies de aves de curral.

b) Queda prohibida a cría de aves de curral ao aire libre. Non obstante, cando isto non sexa posible, a autoridade competente poderá autorizar o mantemento de aves de curral ao aire libre, mediante a colocación, se iso fose posible, de teas paxareiras ou calquera outro dispositivo que impida a entrada de aves silvestres, e sempre que se alimente e abebere as aves no interior das instalacións ou nun refuxio que impida a chegada de aves silvestres e evite o contacto destas cos alimentos ou a auga destinados ás aves de curral.

c) Queda prohibido darlles auga ás aves de curral procedente de depósitos de auga a que poidan acceder aves silvestres, salvo en caso de que se trate esa auga co fin de garantir a inactivación de posibles virus de influenza aviaria.

d) Os depósitos de auga situados no exterior requiridos por motivos de benestar animal para determinadas aves de curral quedarán protexidos suficientemente contra as aves acuáticas silvestres.

#### Artigo 5. *Medidas en determinados parques zoolóxicos.*

1. En todos aqueles parques zoolóxicos asentados dentro dos municipios incluídos no anexo II da presente orde, e co fin de reducir o risco de transmisión da enfermidade das aves silvestres ás aves sensibles dos devanditos parques zoolóxicos, adoptarase algunha das seguintes medidas:

a) Procederase ao illamento do maior número posible de aves, ben en instalacións de interior ou ben empregando aviarios ou instalacións temporais.

b) Aquelas especies de aves sensibles que, pola súa condición ou por motivos de benestar, non poidan ser protexidas do contacto de aves silvestres, deberán ser vacinadas como medida de protección. A este respecto, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación elaborará un protocolo de vacinación de especies sensibles.

2. Para as aves que se teñan que vacinar segundo o establecido no punto 1.b), establécense os seguintes requisitos xerais de vacinación:

a) As aves vacinadas deberanse poder identificar individualmente. Sempre que sexa posible, no momento da vacinación aplicarase unha identificación indeleble que indique que as aves foron vacinadas.

b) Levarase un rexistro de identidade das aves vacinadas e a súa vacinación e conservarase un mínimo de dez anos, contados desde a data de vacinación.

c) Todas as aves que vaian ser vacinadas nun parque zoolóxico serano o antes posible. En calquera caso, toda vacinación efectuada nun parque zoolóxico deberase finalizar nun prazo de noventa e seis horas.

d) As aves vacinadas non serán obxecto de intercambios comerciais nin de desprazamentos, a non ser que se efectúen baixo supervisión oficial entre parques zoolóxicos para desprazamentos dentro do país, ou cunha autorización específica para intercambios con outro Estado membro.

e) Os produtos procedentes destas aves non se incorporarán á cadea alimentaria.

f) A vacinación efectuarase baixo a supervisión dun veterinario oficial das autoridades competentes da Comunidade Autónoma.

g) As cantidades residuais de vacina devolveranse ao punto de distribución de vacinas cun rexistro escrito do número de aves vacinadas e o número de doses utilizadas.

h) Sempre que sexa posible, tomaranse mostras de sangue antes da vacinación e, polo menos, trinta días despois dela, para efectuar probas serolóxicas da influenza aviaria. Conservarase un rexistro das probas, polo menos, durante dez anos.

#### Artigo 6. *Sistemas de detección precoz.*

1. Establécense os seguintes sistemas de detección precoz:

a) Toda persoa e, en especial, os veterinarios, as organizacións de protección das aves silvestres, as asociacións de cazadores e outras organizacións interesadas deberanlle notificar sen demora á autoridade competente en sanidade animal calquera ocorrencia anormal de mortalidade ou abrochos significativos de

enfermidade entre as aves silvestres, en particular, as acuáticas.

b) Os titulares das explotacións onde se crían as aves de curral e outras aves en cativeiro, ou calquera outro propietario, criador ou persoal a cargo delas, notificaranlles sen demora ás autoridades competentes de sanidade animal, a detección dalgún dos seguintes signos na explotación:

1.º Caída do consumo de penso e auga superior ao 20 %.

2.º Caída na posta superior ao 5 % durante máis de dous días seguidos.

3.º Mortalidade superior ao 3 % durante unha semana.

4.º Calquera signo clínico ou lesión post mortem que suxira influenza aviaria.

2. Inmediatamente despois da notificación prevista no punto anterior, e tras a valoración de risco pola autoridade competente en sanidade animal, se esta determinase que non pode ser excluída a sospeita de influenza aviaria, a autoridade competente procederá a:

a) Tomar mostras adecuadas de aves mortas ou das vivas en caso de descensos dos parámetros de consumo e posta e, na medida do posible, doutras aves que estivesen en contacto cos exemplares afectados.

b) Realizar probas de detección da influenza aviaria nas mostras recollidas.

c) Aplicar as medidas que se establecen na normativa en vigor en relación coa aparición de sospeita da enfermidade.

3. Se os resultados das probas para detectar a presenza do virus da influenza aviaria altamente patóxeno fosen positivos ou dubidosos, remitiranse mostras ao Laboratorio Nacional de Referencia co fin de descartar ou confirmar a enfermidade.

#### Artigo 7. *Programas de vixilancia e control en aves de curral e silvestres.*

No marco da Decisión 2005/464/CE, da Comisión, do 21 de xuño, sobre a aplicación dos programas de control da influenza aviaria nas aves de curral e nas aves silvestres durante 2005, e co fin de dar cumprimento en prazo ao establecido nela, as autoridades competentes das comunidades autónomas remitiranlle de forma quincenal á Subdirección Xeral de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, información relativa ás mostras tomadas así como aos resultados obtidos, tanto para o programa de aves de curral como para o de aves silvestres.

Así mesmo, e como sistema de detección precoz da enfermidade, as autoridades competentes das comunidades autónomas en que existan zonas húmidas incluídas no anexo I, realizarán unha toma de mostras quincenal de, polo menos, 10 aves tanto de aves migratorias das zonas húmidas como das explotacións de aves de curral incluídas nos municipios do anexo II, e remitiranlles ao Laboratorio Nacional de Referencia. Poderase facer unha excepción coas explotacións de aves do xénero «gallus».

#### Artigo 8. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto na presente orde será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición transitoria única. *Etiquetaxe dos produtos avícolas procedentes de aves criadas de acordo co sistema de produción ecolóxica ou cos sistemas de cría alternativa recollidos na normativa comunitaria de comercialización de carne de aves e ovos.*

Os produtos avícolas que poidan incluír na súa etiquetaxe as denominacións relativas a sistemas de cría que prevexan a saída ao exterior especificadas na normativa que se cita a continuación, e que se vexan afectados polo disposto no artigo 4.2.b), poderán continuar utilizando as devanditas denominacións baixo a supervisión da autoridade competente ata que a Unión Europea aprobe a normativa que corresponda.

As normas a que fai referencia o parágrafo anterior son:

a) Regulamento (CEE) n.º 2092/1991 do Consello, do 24 de xuño de 1991, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios.

b) Regulamento (CEE) 1538/1991 da Comisión, do 5 de xuño de 1991, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 1906/1990 polo que se establecen normas de comercialización aplicables ás aves de curral.

c) Regulamento (CE) 2295/2003 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 1907/1991 do Consello relativo a determinadas normas de comercialización dos ovos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente orde dítase de acordo co previsto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Vixencia das medidas.*

As medidas dispostas na presente orde quedarán sen efecto a partir do 15 de decembro de 2005.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 15 de novembro de 2005.

ESPINOSA MANGANA

## ANEXO I

### Listaxe de zonas húmidas

#### Comunidade Autónoma de Andalucía

1. Parque Nacional de Doñana. Provincia de Huelva.
2. Parque Natural de Doñana e Cantaritas e Beta Adalíz. Provincias de Huelva e de Sevilla.
3. Parque Nacional da Baía de Cádiz. Provincia de Cádiz.
4. Marismas do Odiel. Provincia de Huelva.
5. Preparque Leste-Parque Natural Contorna de Doñana. Provincia de Sevilla.
6. Arrozaís de Puebla e Villafranco. Provincia de Sevilla.
7. Arrozaís de Isla Menor. Provincia de Sevilla.
8. Parque Natural de Doñana, Sector Sur. Provincia de Cádiz.
9. Parque Natural de Doñana, Sector Norte. Provincia de Huelva.

10. Praia do Parque Nacional de Doñana. Provincia de Huelva.

11. Canal de Guadaira. Provincia de Sevilla.
12. Salinas de El Cerrilo. Provincia de Almería.
13. Encoro de Barbate. Provincia de Cádiz.
14. Marismas de Isla Cristina. Provincia de Huelva.
15. Encoro de Puente Nuevo. Provincia de Córdoba.
16. Balsa de Don Melendo. Provincia de Sevilla.

#### Comunidade Autónoma de Cataluña

1. Delta do Ebro. Provincia de Tarragona.
2. Aiguamolls de l'Empordá. Provincia de Girona.
3. Delta do Llobregat. Provincia de Barcelona.

#### Comunidad Valenciana

1. Albufera de Valencia. Provincia de Valencia.
2. Salinas de Santa Pola. Provincia de Alicante.
3. Parque Natural de El Hondo. Provincia de Alicante.

#### Comunidade Autónoma das Illes Balears

1. Albuferas do Nord de Mallorca.

#### Comunidade Autónoma de Cantabria

1. Reserva Natural das Marismas de Santoña e Noja.

#### Comunidade Autónoma da Región de Murcia

1. Salinas de San Pedro del Pinatar.

## ANEXO II

**Municipios incluídos nun raio de 10 km ao redor das zonas húmidas do anexo I e nos cales se establecen especiais medidas de bioseguridade na cría de aves**

#### Comunidade Autónoma de Andalucía

Provincia de Almería:

Municipios de: Ejido (El), Mojónera (La), Roquetas de Mar, Vicar.

Provincia de Cádiz:

Municipios de: Alcalá de los Gazules, Barrios (Los), Benalup, Castellar de la Frontera, Cádiz, Conil de la Frontera, Chiclana de la Frontera, Chipiona, Jerez de la Frontera, Jimena de la Frontera, Medina-Sidonia, Puerto de Santa María (El), Puerto Real, Rota, San Fernando, Sanlúcar de Barrameda, Trebujena.

Provincia de Córdoba:

Municipios de: Alcaracejos, Belmez, Espiel, Obejo, Pozoblanco, Villaharta, Villanueva del Rey, Villaviciosa de Córdoba.

Provincia de Huelva:

Municipios de: Aljarate, Almonte, Ayamonte, Bollullos Par del Condado, Bonares, Cartaya, Chucena, Escacena del Campo, Gibraleón, Hinojos, Huelva, Isla Cristina, Lepe, Lucena del Puerto, Manzanilla, Moguer, Palos de la Frontera, Paterna del Campo, Punta Umbría, Rociana del Condado, San Juan del Puerto, Villablanca, Villalba del Alcor.

Provincia de Sevilla:

Municipios de: Alcalá de Guadaira, Algaba (La), Almensilla, Aznalcázar, Benacazón, Bollullos de la Mitación, Bormujos, Cabezas de San Juan (Las), Camas, Carmona, Castilleja de Guzmán, Castilleja del Campo, Castilleja de la Cuesta, Carrión de los Céspedes, Coria del Río, Cuervo (El), Dos Hermanas, Espartinas, Gelves, Gínés,

Hinojos, Huévar, Isla Mayor, Lebrija, Mairena de Alcor, Mairena del Aljarafe, Palacios e Villafranca (Los), Palomares del Río, Pílas, Puebla del Río (La), Rinconada (La), Salteras, Sanlúcar la Mayor, San Juan de Aznalfarache, Santiponce, Sevilla, Tomares, Umbrete, Utrera, Valencina de la Concepción, Villamanrique de la Condesa, Viso del Alcor (El)

*Comunidade Autónoma de Cataluña*

Provincia de Tarragona:

Municipios de: Amposta, Sant Carles de la Rápita, Sant Jaume d'Enveja, Aldea, Ampolla, Camarles, Deltebre, Roquetes e Tortosa.

Provincia de Barcelona:

Municipios de: Begues, Castelldefels, Castellví de Rosanes, Cervelló, Corberá de Llobregat, Cornellá de Llobregat, Esplugues de Llobregat, Gavá, Martorell, Molins de Rei, Pallejá, La Palma de Cervelló, El Papiol, El Prat de Llobregat, Sant Andreu de la Barca, Sant Boi de Llobregat, Sant Climent de Llobregat, Sant Feliu de Llobregat, Sant Joan Despí, Sant Just Desvern, Sant Vicenç dels Horts, Santa Coloma de Cervelló, Torrelles de Llobregat, Vallirana, Viladecans, Barcelona, L'Hospitalet de Llobregat, Sitges, Castellbisbal, Sant Cugat e Rubí.

Provincia de Girona:

Municipios de: l'Armentera, Borrassá, Cabanes, Cadaqués, Castelló d'Empúries, Colera, l'Escala, El Far d'Empordá, Figueres, Fortiá, Garrigás, Garriguella, Lançá, Masarac, Mollet de Peralada, Palau de Santa Eulália, Palau-Saverdera, Pau, Pedret i Marzá, Peralada, El Port de la Selva, Rabós, Riumors, Roses, Sant Miquel de Fluviá, Sant Mori, Sant Pere Pescador, Santa Llogaia d'Alguema, Saus, La Selva de Mar, Siurana, Torroella de Fluviá, Ventalló, Vilabertran, Viladamat, Vilafrant, Vilajuiga, Vilamacolum, Vilamallá, Vilamaniscle, Vila-sacra, Vilaür, Albons, Bellcaire d'Empordá, Garrigoles, Jafre, a Tallada, Torroella de Montgrí, Ullá, Verges e Vilopriu.

*Comunidade Autónoma das Illes Balears*

Municipios de: Sa Pobla, Pollença, Alcudia, Muro e Santa Margalida.

*Comunidade Autónoma de Cantabria*

Municipios de: Ampuero, Argoños, Arnúero, Bárcena de Cicero, Bareyo, Colindres, Escalante, Hazas de Cesto, Laredo, Liendo, Limpías, Meruelo, Noja, Santoña, Solórzano, Rasines e Voto.

*Comunidade Autónoma da Región de Murcia*

Municipios de: San Pedro del Pinatar, San Javier, Los Alcázares e Torre Pacheco.

*Comunidad Valenciana*

Provincia de Valencia:

Municipios de: Valencia, Alfafar, Sedaví, Benetúser, Massanasa, Catarrosa, Albal, Beniparrell, Silla, Alcocer, Paiporta, Picaña, Torrente, Lugar Nuevo de la Corona, Picassent, Alfarf, Sueca, Sollana, Almussafes, Benifaió, Alginet, Algemesí e Albalat de la Ribera.

Provincia de Alicante:

Municipios de: Santa Pola, Elche, Crevillente, Albalera, San Isidro, Catral, Dolores, Cox, Granja de Rocamora, Callosa de Segura, Benijófar, San Fulgencio, Guardamar de Segura, Almoradí, Daya Nueva, Daya Vieja, Rojales, Formentera del Segura, Algorfa, Torrevieja e Rafal.

## XEFATURA DO ESTADO

**18933** *LEI ORGÁNICA 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional. («BOE» 276, do 18-11-2005.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mundo vive hoxe cambios profundos que teñen evidentes consecuencias na estrutura, organización e funcións dos exércitos. España débese acomodar a esas transformacións, para asegurar a súa propia seguranza e defensa e para contribuír á paz e a mellorar a orde internacional.

Desde a promulgación en 1980 da Lei orgánica sobre criterios básicos da defensa nacional e a organización militar, modificada parcialmente en 1984, mudou profundamente o cadro internacional de referencia e a propia sociedade española sen que se alterase, basicamente, o modelo organizativo das nosas Forzas Armadas.

O novo recrutamento de nosos exércitos, a desaparición do servizo militar obrigatorio e a implantación dun modelo de forzas armadas profesionais son cambios tan relevantes que reclaman unha lexislación orgánica da defensa adaptada a eles.

O escenario estratéxico viu desaparecer a política de bloques que protagonizou a guerra fría e emerxer a globalización e un novo marco nas relacións internacionais. Ao mesmo tempo, xunto aos riscos e ameazas tradicionais para a paz, a estabilidade e a seguranza, xorden outros como o terrorismo transnacional con disposición e capacidade de inflixir dano indiscriminadamente.

Diminúen as guerras de tipo convencional, pero proliferan conflitos armados que, tanto polas súas causas como polos seus efectos, teñen implicacións notables alén do lugar onde se producen. Hoxe, ademais dun dereito básico e unha necesidade das persoas e as sociedades, a seguranza é un reto, e lograr que sexa efectiva require a concorrencia da defensa como un dos dereitos necesarios para atinxila, xunto á defensa dos dereitos humanos, a loita pola erradicación da pobreza e a cooperación ao desenvolvemento, que tamén contribúen a este fin.

No ámbito da seguranza e a defensa, a interdependencia entre os Estados é considerable, polo que estes se agrupan en organizacións que fomentan, desenvolven e incrementan os niveis de estabilidade, como a Organización das Nacións Unidas e a Organización para a Seguranza e Cooperación Europea. Desde 1980 España incorporouse á Organización do Tratado do Atlántico Norte e á Unión Europea Occidental. Ademais, a Constitución europea, ratificada recentemente en referendo polo noso país, establece as bases para construír unha auténtica política de seguranza e defensa común no marco da Unión Europea. A nosa estratexia débese fundamentar nun sistema multilateral de accións e iniciativas, baseado no recoñecemento de que o Consello de Seguranza das Nacións Unidas ten a responsabilidade fundamental no mantemento da paz e seguranza internacionais.